

# GRUPO MUNICIPAL



**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**, vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, **PARA PROCEDER Á RECUPERACIÓN INTEGRAL DA RÍA DE PONTEVEDRA E DA FRONTE COSTEIRA DO CONCELLO, INSTANDO ÁS ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES A ACATAR E EXECUTAR AS SENTENZAS XUDICIAIS FIRMES.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A instalación a finais dos anos 50 do Complexo Industrial ENCE-ELNOSA en terreos de dominio público marítimo terrestre gañados ao mar mediante recheos, e mais a vía que transcorre abeirando a liña do litoral, a PO-11, seguen causando unha gravísima alteración da costa, actualmente moi degradada e impropia dunha zona de gran potencialidade turística. **A vella concesión non é inamovible, senón que pode extinguirse ao vencemento do seu prazo** o 29 de xullo de 2018, e nese momento poderase recuperar o dominio público. Ademais, a obriga das administracións é protexer o referido demanio loitando pola súa integridade e pola preservación das súas características naturais (como proclaman os artigos 2 e 20 da Lei de Costas 22/1998, do 28 de xullo).

A Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) dos Praceres, explotada por Viaqua, iniciou o seu funcionamento en 1993. Na actualidade, esta EDAR presenta numerosas deficiencias, salientadas, entre outros, pola deputada Ana Pontón, cando no xornal *La Opinión* da Coruña alertaba o 19 de abril deste mesmo ano de que “*existen ameazas por incumprimento das normativas europeas para a depuración de augas da ría de Pontevedra*”. Antes, o 19 de abril de 2013, a Audiencia Nacional deixou sentado nunha sentenza que **a estación depuradora e o colector, construídos no seu día pola Xunta, carecen de concesión de dominio público marítimo terrestre.** A Audiencia Nacional condenou ademais ao Estado a **incoar expediente de caducidade da concesión, e a adoptar as medidas legais para a**

**paralización das actividades e a suspensión do uso e explotación das instalacións.** Esta sentenza foi ratificada posteriormente polo Tribunal Supremo.

Os recheos do porto realizados pola Autoridade Portuaria de Marín-Pontevedra (nunha ampliación de máis de 300.000 metros cadrados gañados ao mar) foron declarados ilegais polo Tribunal Supremo en sentenza firme de 2009 que **condenaba á Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Autoridade Portuaria á reposición da zona portuaria ao estado que esta tiña antes da aprobación dos plans especiais anulados.** Lonxe de cumprir o disposto na sentenza do Tribunal Supremo, seis anos despois, en 2015, séguese anunciando a licitación para a contratación das obras de mellora de calados nos accesos marítimos na zona afectada.

O ramal de acceso ferroviario ao porto de Marín inaugurouse en 2002, e a partir desa data comezou o servizo de transporte de mercadorías con orixe e destino no porto. O seu trazado supón **un efecto barreira que impide o acceso ao dominio público marítimo terrestre,** e ese efecto preténdese **estender ata mais alá do período de vencemento de ocupación deses terreos, fixado para o 29 de xullo de 2018.**

#### **PROPOSICIÓN:**

1º Subscribir os catro puntos da Proposta de Acordo sobre a Saída de ENCE-ELNOSA da Ría de Pontevedra rexistrada o día 26 de agosto de 2015 con número 2015000109.

2º Engadir asemade a petición dunha recuperación integral da Ría e da fronte marítima do concello, instando ás administracións responsables a cumprir as sentenzas xudiciais firmes que afectan a ENCE-ELNOSA, a EDAR e o seu emisorio, os recheos portuarios e o trazado ferroviario.

Pontevedra, 8.9.2015

Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

**MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ**